

CANAALÉOÍ

MULTICOLOR



GENARO O CAMALEÓN  
ÉCHE MOI PRESUMIDO.  
FOI PASEAR POLA SELVA  
PARA ESCOLLER UN VESTIDO.



ATOPOUSE CO LEOPARDO E PENSOU...  
COMO O LEOPARDO QUERO SER  
CO SEU TRAXE DE LUNARES  
ESES OLLOS TAN BRILLANTES  
E ANDARES ELEGANTES.





ATOPOUSE COA TARTARUGA E PENSOU...  
CHEGOU MATILDE A TARTARUGA  
FACÉNDOME DUBIDAR,  
COA SÚA CUNCHA TAN DURA  
NINGUÉN ME PODE MANCAR.



ATOPOUSE COA XIRAF A E PENSOU...  
MEDRAREI COMA A XIRAF A  
CANDO POÑA A SÚA PEL  
E CANDO SEXA MOI ALTA  
LONGO PESCOZO HEI DE TER






ATOPOUSE CO FLAMENCO E PENSOU...  
AO CÉU PODO CHEGAR  
SE MEU AMIGO O FLAMENCO  
AS SÚAS PLUMAS ROSADAS  
ME PRESTA POR UN MOMENTO




CEIP de Palmeira

ATOPOUSE CO HIPOPÓTAMO E PENSOU...  
TEN UN SORRISO PRECIOSO  
O HIPOPÓTAMO FORTACHÓN.  
SE ME POÑO A SÚA PEL  
SEREI TODO UN CAMPEÓN.






ATOPOUSE CO LORO E PENSOU...  
QUERO TER UN TRAXE  
DE MILES DE CORES.  
COAS PLUMAS DO LORO  
VESTIREI COMA OS SEÑORES.



ATOPOUSE COA CEBRA E PENSOU...  
ESA CEBRA TAN RAIADA  
ÁNDACHE MOI NAMORADA.  
COMO EU QUERO CASAR  
AS RAIAS VAIME PRESTAR.



LOGO DE MOITO PENSAR  
ESTÁ GENARO A DECIDIR:  
SE COMO O FLAMENCO VOAR,  
O HIPOPÓTAMO SORRIR,  
A TARTARUGA GAÑAR,  
SE DE RAIAS VESTIR  
OU DENDE ARRIBA AXEXAR